

DISTRIBUCIÓN DO TRABALLO

OLA FAMILIAS, ESPERO CONTINUEDES TODOS E TODAS BEN.

ESTA SEMANA MANDO UNS TRABALLOS MOI SINXELOS PARA FACER E TEDES ATA O 20 DE MAIO PARA PODER ENTREGALO.

ENVIO DÚAS FICHAS DE NATURAIS QUE SON DE REPASO, SE OS NENOS TEÑEN O LIBRO DE NATURAIS DO 2º TRIMESTRE NA CASA, PÓDENAS FACER AHÍ, QUITÁDELLES UNHA FOTO E ENVIADES O MAIL OU O WHATSAP.

AS DE MATEMÁTICAS QUE AS FAGAN NO FOLIO E FACEDES O MESMO PROCESO QUE O ANTERIOR.

CÓMO O DÍA 17 SON AS LETRAS GALEGAS, MANDO DE LINGUA COUSIÑAS PARA FACER. VAI UNHA BREVE HISTORIA DO ESCRITOR E LOGO TAMÉN MANDO UN ENLACE PARA ESCOITAR UN CONTO EN GALEGO E QUE OS NENOS E NENAS COMPLETEN O QUE LLE PIDO.

E IMPORTANTE QUE SIGAN REPASANDO OPERACIÓNS DE SUMAS E RESTAS CON LEVADAS PARA QUE AS SEPAN FACER BEN.

O CÁLCULO MENTAL EN MATEMÁTICAS TAMÉN É MOI IMPORTANTE: SUMANDO 5, QUITANDO 5, SUMANDO 10, QUITANDO 10, SUMANDO 100, QUITANDO 100.

QUE NON SE ESQUEZAN A TABLA DE MULTIPLICAR, DEBERÍAN SABER NESTES MOMENTO E BEN ATA O 3. SE PODEN QUE CONTINUÉN CO 4.

MOI CONVINTE É QUE LEAN TODOS OS DÍAS UN POUCO A PODER SER NAS DÚAS LINGUAS, QUE FAGAN PEQUENOS DITADOS E QUE DEBUXEN ALGO RELACIONADO CO DITADO.

QUE CONSTRÚAN PEQUENAS HISTORIAS, CATRO OU CINCO FRASES, SOBRE O TEMA QUE ELES QUEIRAN, QUE A HISTORIA TEÑA UN COMEZO, UN DESENROLO, E UN FINAL.

BEN FAMILIAS XA QUEDA POUCO AGRADEZO UN MONTÓN O VOSO ESFORZO QUE NON É POUCO E DOUVOS AS GRAZAS POR TODO ELO.

SAÚDOS

PREGUNTADE ANTE CALQUERA DÚBIDA.